



BANDO MUNICIPAL

LIMPIEZA VIARIA E ORNATO PÚBLICO

Estimada veciñanza,

Para tentar manter o no so Concello nas mellores condición posibles, dende o [Concello de Cambre](#) LEMBRAMOS que, segundo a ordenanza municipal en vigor:

- Os residuos incluídos na recollida de lixo domiciliaria, depositaranse en envases non retornables e resistentes, separando adecuadamente a materia orgánica da inorgánica, depositando cada unha no colector correspondente.
 - Cartón, papel e vidro depositaranse nos colectores dispostos para o efecto. No caso de cartóns, embalaxes e caixas depositaranse convenientemente pregados.
 - O horario de depósito das bolsas de residuos orgánicos e inorgánicos será entre as 20:00 H. e as 00:00 H. en inverno e entre as 22:00 H e as 00:00 H. en verán.
- Prohíbese tirar á vía pública todo dipo de residuos. Quen transite polas rúas, prazas, xardíns e outros espazos públicos e queira desprenderse de residuos de pequena entidade (cabichas, cáscaras, papeis, etc...) utilizará as papeleiras instaladas para tal fin. Os usuarios absteranse de toda manipulación sobre as papeleiras, así como de realizar calquera acto que as deteriore ou as inutilice para o uso ao que están destinadas.
- Prohíbese abandonar mobles e tarecos particulares na vía pública agás os que estean en espera de ser retirados polo servizo especial de recollida de enseres e voluminosos (noites de luns a martes) previa chamada o devandito servizo a través do teléfono 981 79 55 24.
- O incumprimento destas normas pode carrexar unha sanción dende 750 € e 3000 €, alén de atentar contra a convivencia e a boa veciñanza.

Moitas grazas pola súa colaboración.

En Cambre, 30 de abril de 2024.

A alcaldesa

María Pan Lesta